

UNA CRÓNICA MEDIEVAL INEDITA

Por XOSE MARIA ALVAREZ BLAZQUEZ



J. M. A. Blázquez, nacido en Tuy en 1915, es uno de los más destacados valores jóvenes de Galicia. En la Universidad compostelana hizo estudios de Filosofía y Letras y desde su primer libro de poemas "Abril" publicado en 1932 hasta "Escuela da poesía lírica galega" en prensa, ha publicado numerosos volúmenes, entre los que se destacan sus novelas: "En el pueblo hay caras nuevas" y "Una cabaña en el ocio", realizando simultáneamente diversos trabajos de investigación sobre Prehistoria y Literatura gallega.

Pouco se ten andado polo campo belido da prosa medieval galega, coma si, no verxel da nosa literatura na Edade Media, os rechamantes cores do frolicer lírico embazaran a visión do escintilante folloxe que a prosa representa alí. Apenas media dúcia de textos publicados até hoxe — a "Crónica Troyana", "Os miragres de Sant-Yago", a "Crónica de Santa María de Iria", etc.— dan cativa idea do que, sin contar as calamitosas perdas de *Amadises* e *Flos Sanctorum*, tivo de ser, entre os séculos XIII e XV, a riaz prosa galega, áxil e donairoza, expresiva e forte.

Espallados polo mundo restan aínda, por fortuna, algúns textos do mais outo valor, ben merecentes de agarimoso estudo. "A Demanda do Grial" pousa, nun sono que xa parez eterno, na Biblio-

teca Imperial de Viena; na Hispanic Society, de Nova York, ista singular "Crónica de 1404", de que hoxe nos imos ocupar.

No actual rexurdir da cultura galega adevirtese a falla de unha man intelixente, pronta a arrincar do esquencimento alfoias da fala, que non somentes nos pertescen a nós, pois forman parte do tesouro común da vella Romanía. Non abonda coa poesía, con ser ela a nosa millor gala; compre tamén dar a coñecer ao mundo aquí engado sereo e celmoso das milleres páximas da prosa medieval galega. Que non falle, en tan urxente tarefa, a man tremante de ilusión dos especialistas mozos, que forman xa en Galicia un corpo de filólogos de exemplar formación europea. A vella madeira quer ferramenta nova.

A "Crónica Xeneral de Hespaña" é eicais o libro de meirande orixinalidade no xénero histórico das nosas letras, agás a de Santa María de Iria, que escribiu, ben adiantado o século XV, o erogo compostelano Rui Vázquez. O título préstase a confusión coas obras de Alfonso o Sabio, ás que, sen dúbida, debe boa parte; mais, por dita, non responde na súa segunda metade a ningún outro texto castelán coñecido. Por declaración do autor anónimo sabemos que a crónica foi rematada en 1404, e de eiquí lle ven o nome con que tamén é coñecida, axeitada designación que nós seguiremos en diante.

Foi o libreiro madrileño Pedro Vindel quen tivo a sorte de atopar o precioso códice da "Crónica de 1404", de igual xeito que a fil debemos o hachado do eoderno das cantigas de Martín Codax, onde se contén, a par da letra, o tesouro da súa notación musical. Mais o afán comercial — e tamén, xusto é decilo, o desleixo das xentes e institucións de por acó— non topou impetizos en que o preciado manuscrito fuxira ao estranxeiro, facendo de tal modo cásiqe imposible o seu estudo por quens máis directamente es-

tarian interesados nel. Don Ramón Menéndez Pidal tivo, non embargantes, ocasión de manexar a Crónica denantes de que Mr. Archer Huntington a levase por trinta mil francos pra a súa biblioteca de Nova York.

Na "Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos" fixo Menéndez Pidal un detido análise do códice, chegando á conclusión de que o autor debeu ser portugués, por estimar que a língoa partillaxa de algúns modismos lusitanos. A 2ta opinión opuxo asua, tamén autorizada, o Pai Atanasio López, con razóns de peso, que coidamos interesante lembrar eiquí: "Mais, por qué pregunta o P. Atanasio— non ha de ser castelán (galego) o autor, sendo o asunto principal da súa historia feitos propios dos Reis de Castela, mentres que só por incidencia ocpáse dos de Portugal? Que o autor dista Crónica fose galego, parez demostrarse polo agarimo con que trata de Payo de Meira e de Don Alvaro, Obispo de Mondoñedo. A grafía do códice de Vindel é mais galega que portuguesa; nel atopamos as verbas *batalla*, *fillo*, *fillo*, etc. como escribían os portugueses... Mais o que me parez demostrar que a Crónica descrita polo Sr. Menéndez Pidal é obra de un galego, súbdito da coroa de Castela, é a conernsion da mesma. Remata con istas verbas: "Et regnou seu fillo el rey do Anrique et anda o seu regno en quatorze años quando esta estoria foy acabada, enua era da encarnacon de mill e quatrocentos e quatro años". Si o autor tivera sido portugués, noi natural sería que consinase que tiña dado cabo á súa historia no rcinado de un monarca lusitano e non no de Enrique III de Castela. Ademáis, o autor da Crónica moraba nos reinos de Castela, onde coñeceu ao derradeiro rei de Armenia. "Eu—dí— vi con os meus ollos el rrey de Armenia en Castella..."

Pola súa parte, denantes do P. Atanasio López, o ilustre investi-

(Continúa en la pág. 22)

UNA CRONICA MEDIEVAL

(Viene de la pág. 4)

gador portugués Dr. Leite de Vasconcellos saíu ao paso das afirmacións de Pidal, e con nobreza que moito honra os estudos da terra irmán, vindicou pra Galicia a paternidade desta Crónica, afinándose, precisamente, en observacións filolóxicas e gramaticales. "Do estudio dos trozos non españoles —remata Leite de Vasconcellos—, transcritos polo Sr. Menéndez Pidal, concruio, non embargantes, que a persoa que compilou a crónica era galega e non portuguesa".

Pouco importa, digamos nós, a patria do autor. O que conta é o valor histórico do libro, interés literario, mais que íses cativos matices lingüísticos, que en fin de contas somentes veñen demostrarnos unha vegada mais o que tan sabido temos xa: a estreita irmandade das falas de aquí e alén Miño, aínda en tempos tan adiantados como ístes dos comezos do século XV. Pois tampouco se pode falar con propiedade de un autor, no senso persoal da verba, pésia á que en grande parte a narración apareza escrita en primeira persoa. As crónicas medievas non son polo común obra de un soio autor, que debe, por elo, trocar iste nome polo de compilador. Axuntar testeos devanceiros, verquer de unha fala en outra, engadir ou retocar, recoller versións orais do pobo, tal

era a adoitada tarefa dos cronistas, cuia laboura históricoliteraria de cuo persoal inguiriase, cando mais, ao relato de algún feito isolado de que foia testemuña. Por ista razón ollamos que a Crónica de 1404, logo de començar nun torpe castelán, remata resoltamente en galego, cando o autor fala xa pola súa conta de feitos que lle foron contados ou que mais ou menos íl mesmo concueu. Sóltase en tal intre a escribir na súa língoa, porque xa non ten á man un testo que seguir.

Nosa Crónica resulta, pois, non que se refire aos tempos lonxanos, unha sinxela tradución das casteláns. Mais nos reinados posteriores a Fernando III, sinaladamente os de Pedro I, Enrique II, Xohán I e Enrique III, compre maxinar que nos topamos diante de un autor orixinal. Niste terreo conxetural resulta, non embargantes, estrano que a Crónica contena porniudas notizas, non rexistradas en ningún outro lugar, encol dos tempos de Alfonso XI, que o compilador somentes puido alcanzar na súa nenez. A novidade de tales notizas fai coidar que quen as escribe deben termar, centamente con bo criterio, de relatos orais e documentos do tempo; noutro caso, haberá que cavilar nunha perdida crónica devanceira, referida a Alfonso XI, que o compilador fixo tamén súa. E certo é que nos seus tempos correría polo menos, un relato poético en galego, o orixinal da crónica rimada de Alfonso oncenno, hoxe tamén perdida.

Todo o que levamos dito confire ó inédito códice un outro valor no cadro das letras galegas. Pois si aínda fose pouco o interés da Crónica en sí mesma, engadamos que contén interpolado o fantástico relato conocido co nome de "A Gran Conquista de Ultramar", adaptazón de un orixinal francés encol das Cruzadas, que abrangue até o ano 1271. Foi encertada a súa versión castelán por orde de Alfonso o Sabio, e logo seguida nos tempos de Sancho IV e Alfonso XI. O mais sinalado d'íste curioso libro é o creto e a estensión que nil se dá ás lendas e tradicións fabulosas, de xeito que aquila recente e vizosa historia das cruzadas, superior en natureza lendaria e heroica a toda fan-

tasia humana, non parez que abandonase pra acugular a maxinación do historiador, quen puxo mentes de facer agromar unha nova páxina do ciclo cabaleiresco. O autor desdenou as verdadeiras fontes, respetas cicais, cicais cohexadas en anterros peregameos abaciales, do grande feito histórico, e acorreu en troques a dous famosos testos provenzaes: a "Chanson de Jerusalem" e a "Chansó d'Antiochia", de Gregorio de Beehada, as que, por forza, tiñan de emprestar ao relato o cativo rigor histórico propio da poesía épica francesa. "A Gran Conquista de Ultramar" é, polo tanto, mais que fríxida historia, fermosa lenda, e seu testo entra de cheo no boligante cadro da literatura cabaleiresca, de tanta e tan fonda resoancia no espírito medieval galego. A novela, pois eisi debemos chamala, aparez dividida en catro libros; comenza ca vida de Mafoma, conta a dos primeiros califas e remata ca famosa cruzada de San Lois, sempre ao amparo das voandeiras as da fantasia.

Vel ahí, en resume, o contido multitor de un códice galego inédito, peza senlleira da nosa anterga fala, que reerama urxente edición. Na outra banda do mar, aló onde o manuscrito pousa aresvora, viven galegos de boa vontade e desprendida man, capaces de facer pola súa cultura un novo esforzo, que sería outo e nobre servizo á Terra.

CALZADOS

INDUSTRIA ARGENTINA



Ricardo López Taibo y C^{ía}.

Soe. Resp. Ltda. Cap. \$ 400.000.-

350 - Corrientes - 352

T. E. 31 - 2132

LA VIDENSE

SASTRERIA DE
MEDIDA FINA

Confeciones - Bonetería
Camisería - Sombrerería

Artículos de Calidad
para Caballeros

B. de Irigoyen 1401

Esquina Pavón

T. E. 26 - 1734